

AOS PAIS DOS ALUMNOS de E.S.O. e BACHARELATO QUE ASISTIRÁN POR PRIMEIRA VEZ AO COLEXIO

Queridos amigos:

Enviámosvos esta carta coa primeira información para que saibades a que
atervos con respecto aos seguintes puntos:

❖ **COMEZO DO VINDEIRO CURSO:**

O curso empezará O VENRES, 17 de setembro.

❖ **UNIFORMES:**

O uniforme do Colexio é obrigatorio ata 2º de E.S.O. segundo o modelo establecido:

a) **ALUMNAS:** Saia de cuadros (non poderá superar os 6 cm. por enriba dos xeonllos), blusa ou polo branco de manga pequena ou larga; xersei ou chaqueta azul mariño; zapatos negros ou azul mariño e calcetíns, medias ou pantys azul mariño (non están permitidas as calzas).

A prenda de abrigo, calquera que sexa, trenka, anorak, abrigo, etc., será obrigatoriamente azul mariño.

b) **ALUMNOS:** Pantalón gris; polo ou camisa branca; xersei ou chaqueta azul marino. O resto do uniforme igual ao das alumnas.

A partires de 3º de E.S.O. o alumnado que non veña de uniforme, debe asistir ao Colexio coa vestimenta axeitada. En NINGÚN CASO SE PERMITIRÁ QUE SE VEXA A ROUPA INTERIOR.

Podedes adquirilos en “O Corte Inglés”, “O Uniforme”, Deportes “Cimáns”, etc.

O uniforme de Educación Física é obrigatorio para todos os alumnos do Colexio desde 1º de Ed. Primaria ata 1º de Bacharelato (recordade que este ano é un modelo novo, pero está permitido usar o anterior).

Podese mercar nas mesmas tendas que o uniforme escolar e tamén en “Deportes Sertucha” (Avda. Buenos Aires, 12).

❖ **SERVICIOS OPCIONAIS**

a) **Mediapensión:** Este servizo funcionará desde o primeiro día de clase. O seu coste mensual será de 116,00 €

b) **Transporte Escolar:** Os autobuses escolares teñen unhas paradas xa establecidas e é imprescindible respetalas para que non se altere o percorrido perxudicando aos alumnos que xa o veñen utilizando ou entorpecendo os horarios de entrada ás clases. Polo tanto, rogámosvos que antes de anotar aos vosos fillos, vos enteredes se vos convén facer uso deste servizo. O coste mensual será de 66 € (2 viaxes).

❖ **HONORARIOS:**

▪ As cuotas do Colexio fánanse efectivas a través dunha entidade bancaria. Adxuntámosvos o impreso correspondente que debedes entregar no Colexio, unha vez cuberto.

A CUOTA FUNDACIÓN para o curso 2010-2011 será de 70 €/mes para os alumnos de ESO. Esta cuota é desgravable no imposto do IRPF (tedes que pedir a certificación correspondente na Secretaría do Colexio durante o mes de xaneiro de 2011).

▪ A Ensinanza Reglada para Bacharelato é de 302 €/mes.

Aos rapaces de Bacharelato proporcionaráselles os libros de texto, e o material de Debuxo no Colexio, unha vez comezadas as clases. Os alumnos de ESO poden acollerse ao programa de gratuidade de libros de texto promovido pola Consellería de Educación, o resto dos libros non subvencionados e o material de Plástica e Debuxo poden adquirilo no Colexio. A relación de libros de texto, para todos os niveis, podedes consultala na páx. Web:

- Colexio: www.cmariacoruna.org
- APA: www.ampaciamaria.com

❖ SECRETARIA

Os alumnos de 1º e 2º de Bacharelato teñen que entregar na Secretaria do Colexio a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia da folia do libro de Familia na que figura o alumno
- 4 fotografías (tamaño carné)

Os de 1º de Bacharelato tamén entregarán a certificación coa dilixencia de que foi proposto para a expedición do título de E.S.O. e os de 2º teñen que aportar a certificación das cualificacións obtidas en 1º de Bacharelato.

Os alumnos de E.S.O. entregarán:

- 4 fotografías (tamaño carné)
- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia das cualificacións obtidas en xuño.

A documentación anterior e o volante da mediapensión e transporte, o impreso do Banco e a ficha dos datos pessoais do alumno, debes entregalos na Secretaria do Colexio no prazo de 25 de xuño ao 9 de xullo. No caso de non recibilo nesta data, entenderemos que non lles interesa a praza e dispoñeremos dela en favor doutro alumno.

Desexamósvos a todos unhas vacacións moi agradables. Un saúdo cordial,

A DIRECCIÓN

NOTA IMPORTANTE:

Todas as prendas de vestir do uniforme de teñen que estar marcadas co número